

José Luís Forneiro, *El romancero tradicional de Galicia: una poesía entre dos lenguas* (“Biblioteca Mítica”, 3), Oiartzun (Guipuzkoa), Sendoa, 2000, 317 pp.

Ana Acuña*

O estudio do romancero de Galicia vén merecendo unha atención especial tanto dentro como fóra do país [pénsese nas análises de A. Valenciano (1998) ou A. Requeixo (1996), entre outras]. Poderíamos, incluso, xeneralizar dicindo que aumentaron as publicacións sobre a literatura oral e tradicional galega, que, sen embargo, aínda non se estenderon a tódolos xéneros, de aí o esquecemento que seguen a sufrir as “composições de carácter práctico-utilitáreo” (segundo a terminoloxía do profesor João David Pinto Correia) como, por exemplo, ocorre cos ensalmos.

Unha das publicacións básicas sobre o romancero de Galicia é este libro que presentamos de José Luís Forneiro, profesor da Universidade de Santiago de Compostela. O profesor Forneiro conta co aval de importantes colaboracións no seo da Fundación Menéndez Pidal e de numerosos títulos na liña de *El romancero tradicional de Galicia*, comezando co tema da súa propia tese de doutoramento ata artigos como “A recolla e o estudo do romancero galego”, “O romance do *Conde Alarcos* na Galiza”, “José Pérez Ballesteros e o romancero tradicional galego”, “Armando Cotarelo Valledor e o romancero tradicional galego”, “Formas lexicais autóctones, desconhecidas ou infrequentes, no romancero tradicional galego” ou “Os temas em galego do romancero tradicional da Galiza” (publicado no número 6 de *Estudos de Literatura Oral*).

O libro estrutúrase en tres partes e remata cunha abondosa bibliografía final. A primeira parte está dedicada ó romancero galego e á súa relación co romancero pan-hispánico e a balada pan-europea. Na segunda sección o autor céntrase no uso que o romancero de Galicia fai da lingua galega. A terceira, e derradeira, analiza os factores extratextuais que poderían influír na lingua dos textos.

O eixe conductor do estudio vai ser, pois, as linguas empregadas no romancero de Galicia, con todo o que ese bilingüismo implica para a sociolingüística e a literatura galegas: consideración ou non como “galega” desta literatura cantada noutra lingua, consideracións sobre a(s) lingua(s) usada(s) na época polas diferentes clases sociais, interpretacións e deturpacións varias por parte dos recolectores de literatura oral ou dos historiadores do fenómeno literario... Aspectos, moitos deles, polémicos e que o escritor revisará criticamente como os lectores poden deducir ó repararen nas citas iniciais do libro.

Se nos detemos na primeira parte (“El romancero gallego, el romancero pan-hispánico y la balada pan-europea”), o autor expón que a lingua do romancero de Galicia é, basicamente, o castelán. Esta característica provocou, sobre todo, a manipulación dos textos e posterior galeguización, así como a negación da súa vinculación co romancero castelán.

Mostras destas reaccións atopámolos no percorrido que o profesor Forneiro realiza polos estudiosos e compiladores do xénero romance en Galicia, desde o século XIX ata hoxe. Nese percorrido cómpre comezar con Manuel Murguía “el mayor investigador de la literatura tradicional de Galicia, principalmente del romancero” (p. 36), pero tamén —segundo o profesor da Universidade de Santiago de Compostela— o maior inventor:

Este romancero descrito o citado por Murguía, salvo algunos fragmentos de textos tradicionales meramente retocados o manipulados de acuerdo con su ideología, no tenía ningún apoyo real en la balada folklórica gallega, se trataba de una “tradición” apócrifa creada *ex professo* para definir a Galicia como una nación celto-germánica. (p. 40)

A obra máis relevante de Murguía para o estudio da literatura oral galega, *Rimas populares de Galicia*, non viu a luz por propia vontade do autor, malia os seus continuos anuncios (véxase *La ilustración gallega y asturiana*, 1881: 17 ou *Galicia Diplomática*, 1884: 223-224). Quizais a publicación que, sobre o home de Rosalía de Castro, prepara a Real Academia Galega nos permita clarificar a súa opinión, non só sobre os romances, senón tamén sobre os ensalmos (xéneros que a miúdo Murguía relaciona, non sendo estraño que fale de ensalmos inseridos en romances). O profesor Forneiro imaxina as causas da non publicación das *Rimas* por parte de Murguía e, nestas conxecturas, pode ofrecer información —parécenos— a análise do epistolario do erudito catalán Milà i Fontanals cos galegos Murguía e Saco y Arce.

Outros estudiosos do romancero galego no século XIX son os portugueses A. Coelho, Carolina Michaëlis e José Leite de Vasconcelos; ou os mencionados Milà i Fontanals e J. A. Saco y

* Departamento de Filoloxía Galega e Latina. Facultade de Filoloxía e Traducción. Universidade de Vigo. Lagoas-Marcosende, s/n. 36200 Vigo (Pontevedra). España. <ganime@uvigo.es>.

Arce, así como os traballos da sociedade *El Folklore Gallego, Cuestionario del Folk-Lore Gallego*, José Pérez Ballesteros e A. de la Iglesia.

En canto ó século XX, José Luís Forneiro salienta dúas coleccións romancísticas que, aínda hoxe, permanecen inéditas ou insuficientemente editadas: a de Alfonso Hervella e a de Víctor Said Armesto. Nos anos 20 e 30 os romances de Galicia poden lerse na revista *Nós* e nas publicacións do Seminario de Estudos Galegos. As duras condicións da guerra civil e da posguerra foron o ámbito de traballo dunha das recompilacións máis exhaustivas, a do filólogo lucense Aníbal Otero (estudiada polo profesor A. Requeixo).

Aínda cabe citar os traballos sobre o romanceiro de F. Bouza Brey, A. Fraguas, P. García de Diego, Ben-Cho-Shey, Rielo Carballo, Sixirei Paredes, J. Filgueira, V. Risco... Fronte a eles, os irmáns Carré Alvarelos continuaron a tradición apócrifa de Murguía. Pero non só en Galicia se crearon textos falsos, pois tamén se produciu noutras zonas como Portugal, Andalucía, Cataluña, Asturias ou o País Vasco:

en diversas áreas geográficas del ámbito ibérico como Portugal, Cataluña, Asturias, Canarias, Hispanoamérica y el País Vasco, se pretendió neutralizar el imperialismo de Castilla, que su expansionismo lingüístico y su romancero reflejaban, buscando en la balada folklórica que en ellas se conservaba en los tiempos modernos bases en que fundamentar las respectivas identidades nacionales y regionales, y para mayor garantía de éxito, se recurrió, como en Galicia, a la manipulación de las versiones y/o a la creación de textos falsos. (p. 79)

En Galicia, ata os estudos de Schubarth e A. Santamarina (1982) “no se ha ofrecido desde Galicia una descripción cabal del romancero gallego” (p. 67), pois eles foron quen de integrar o romanceiro galego no romanceiro hispánico. Tamén datan desa época as investigacións do Seminario Menéndez Pidal da U.C.M., que, a partir de 1977, comezou as campañas de recollida en Galicia. Conclúe o profesor Forneiro que

No hay lugar, pues, a que tras los trabajos de Schubarth y Santamarina, y del Seminario Menéndez Pidal, junto a otras aportaciones menores como las de Julia Moldof, Ana María Cano y Antonio Fernández Insuela, y Ana Isabel Amigo, se puedan seguir defendiendo las tesis sobre el romancero gallego y estudiando los textos que se forjaron en el siglo XIX. (p. 71),

debedo estudiarse o romanceiro galego como rama do romanceiro pan-hispánico:

El romancero gallego forma parte de la rama “norte” de la balada ibero-románica, más concretamente de la subárea que estaría formada junto a Galicia, por el norte de Portugal, Asturias, Zamora, León, Santander, norte de Burgos y Palencia. Esta subárea se caracteriza por ser la que conserva un mayor número de temas y mayor memoria de los romances épicos, históricos y carolingios, es decir, de los textos pertenecientes a las capas más profundas, más antiguas, del saber baladístico hispánico. (p. 73)

Na análise da filiación do romanceiro de Galicia, o autor minimiza a relación con Portugal, pois só hai dous temas comúns (*La penitencia del rey don Rodrigo* e *La muerte del príncipe don Juan*), existindo, por outra banda, temas históricos en Galicia descoñecidos en Portugal. Daquela, “En lo que se refiere al romancero vulgar la tradición gallega tiene más relación con los temas y tipos difundidos por León, Asturias y Zamora que con el romancero portugués.” (p. 75)

A continuación o profesor Forneiro céntrase no romanceiro de Galicia e na súa vitalidade:

La tradición romancística gallega se reveló ya desde principios del siglo XX como una de las más interesantes de la tradición oral moderna, no sólo por la rareza o por la calidad del estilo tradicional de algunos de sus textos, sino también por su riqueza en temas y en versiones. (p. 99)

Obviamente, o romanceiro non ten o mesmo cultivo en todo o país e son as provincias orientais galegas as máis ricas. Con todo, concordamos co autor en que unha nova enquisa daría máis resultados. Poderíamos entón incluír entre os concellos da provincia da Coruña con tradición romancística o de Mugardos, onde hai uns anos escoitamos a *Delgadina*.

Para rematar esta primeira parte, José Luís Forneiro achégase ás fontes para o coñecemento do romanceiro galego xa apuntadas:

para nuestro tema de estudio es preciso tener en cuenta ante todo los fondos de procedencia gallega del Archivo Menéndez Pidal (AMP) y del Archivo Sonoro del Romancero (ASOR), ambos depositados en la Fundación Menéndez Pidal. [...] Ambas fuentes son imprescindibles para el estudio de la tradición gallega por varios motivos: en primer lugar porque ofrecen dos momentos distanciados en el tiempo del estado del género romancístico en Galicia [...]. En segundo lugar, por el gran número de textos existentes en los dos fondos [...]. Y en tercer lugar, porque estos fondos se destacan entre los demás por la autenticidad de los romances que contienen (p. 104).

A segunda parte do libro aborda a “mestizaxe lingüística” e a presenza da lingua galega no romanceiro de Galicia. Neste estudo o autor segue un criterio espacial analizando só textos recollidos na Galicia oficial e, para a súa investigación do bilingüismo, parte de

el examen detenido e individual de los textos para poder medir el grado de galleguización de cada romance mediante la consideración conjunta de las diversas versiones de un tema; y, dentro de cada tema contrastar unas partes con otras a fin de averiguar qué tipos de segmentos facilitan la penetración del gallego en el texto tradicional. (p. 109)

O resultado do estudo, tal e como demostra a través dos abundantes exemplos, é moi variado, pois aparecen temas sempre en castelán sen interferencias (*El moro cautivo*, *La monja por fuerza*, etc.), temas en galego (*Floresvento*, *Virgilio*, etc.), temas nos que aparecen escasos galeguismos dispersos (*La dama y el pastor*, etc.), temas con versos ou partes galeguizadas sendo o castelán lingua predominante (*La muerte del príncipe don Juan*, etc.), temas de “lingua híbrida” (*El conde Alarcos*, *La caza de Celinos*, etc.) e temas con grandes contrastes no aspecto lingüístico (*Delgadina*, *La princesa peregrina*, etc.). Resumindo:

Tras haber examinado la totalidad del *corpus* sólo aparecen como evidentes dos hechos: todo poema narrativo en castellano que haya pasado a formar parte del caudal de la tradición gallega incorpora algunos galleguismos, aunque sólo sean, a veces, mínimos y ninguno de los romances en *strictu sensu* tradicionales se transmite siempre y en todo lugar en la lengua vernácula. (p. 112)

Pode confrontarse esta clasificación coa da “Antología” de literatura oral e tradicional incluída no volume XXVIII da enciclopedia *Galicia* (1997), na que se distingue entre “romances galleguizados” e “romances no galleguizados” ou coa compilación de Mariño Ferro e Bernárdez (2002).

En todo caso, o bilingüismo do romanceiro galego é, sobre todo, un fenómeno textual “de que la tradición admite según el texto [...] una presencia mayor o menor de la lengua vernácula en los romances” (p. 114). Fenómeno que non impide considerar esta literatura como “galega”:

no sólo por estar ampliamente difundidos en Galicia, o porque se puedan encontrar versiones en gallego de temas que no tienen por que ser de “asunto diglósico”, sino porque la cultura popular gallega no se ha limitado a adoptar pasivamente un conjunto de romances que forman parte del total del romancero pan-hispánico. Las comunidades labriegas han adaptado estos “modelos” poéticos a su acervo, los han tradicionalizado, empleando para este fin diversos recursos como son las soluciones dadas a los conflictos planteados en las fábulas de los temas, las referencias a enclaves geográficos de Galicia o la introducción de la lengua coloquial, el gallego. (pp. 205-206)

A maioría das interferencias léxicas do galego no castelán dos romances remiten ás actividades cotiás e ó contorno natural no que viven os coñecedores do romanceiro (labores agrícolas, accidentes xeográficos, animais domésticos...), pero tamén aparece o galego no discurso directo, nas amplificacións, e entra de maneira máis natural naqueles lugares onde se producen as alteracións, é dicir, no comezo e no final dos romances.

Na derradeira parte do libro o autor preséntanos os factores extratextuais que determinarían (pois só o fan en pequena medida) a(s) lingua(s) dos textos. Se ben o factor xeográfico explicaría a maior ou menor penetración da lingua galega [“hecho que confirma la preponderancia de la tradición local sobre la libertad lingüística del individuo en la transmisión verbal de los textos” (p. 234)], a análise dos restantes factores extratextuais (sexo dos transmisores e dos informantes, a idade dos informantes e o tempo da recolección, así como o acto da enquisa) non é decisiva para a escolla lingüística dado que o texto preexiste á súa emisión oral.

Exemplificando as situacións de posibles influencias remata o libro e déixalle, ó lector, a obriga de retomar as ideas-eixe expostas nos capítulos iniciais do ensaio.

Esas ideas quizais non satisfagan a tódolos lectores, pois responden a un tema —o da literatura cantada ou recitada noutra lingua— con complexas consecuencias tanto no ámbito da literatura escrita e/ou erudita (sobre esta posibilidade remitimos ós estudos publicados en *Lengas*, 1992 ou 1994), como no ámbito da literatura oral e tradicional (neste caso, ademais, conleva a desmitificación do mundo tradicional, como o ensaísta advirte).

Sen embargo, sempre é de gabar unha obra que supón a revisión e a recatalogación de feitos lingüísticos ou literarios, sobre todo no terreo —aínda á poula— da literatura oral e tradicional galega.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

MARIÑO FERRO, X. R. e Bernárdez, C. L. (2002), *Romanceiro en lingua galega*, Vigo, Xerais.

Notas e Recensões - Notes and Reviews

- REQUEIXO, A. (1996), "A tradición romancística galega: a figura de Aníbal Otero", *Boletín galego de literatura*, 15-16, pp. 47-76.
- SCHUBARTH, D. e SANTAMARINA, A. (1982), *Cancioneiro galego de tradición oral*, A Coruña, Fundación Barrié de la Maza.
- VALENCIANO, A. (1998), *Os romances tradicionais de Galicia. Catálogo exemplificado dos seus temas*, Madrid / Santiago de Compostela, Fundación Menéndez Pidal / Centro de Estudios Lingüísticos e Literarios Ramón Piñeiro da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- VV. AA., *Galicia. Antropología. Imaginario. Literatura popular* (1997), tomo XXVIII, A Coruña, Hércules Edicións.